




UNIDADE 6

Mensaxes

Remita os estudantes á foto da portadiña e pregúntelles: **Que está a facer esta persoa? Que pensades que significa o seu debuxo? Escribiriades algunha mensaxe dese xeito? En que situación?**

É bastante probable que os seus alumnos non teñan dificultade para falar do tema, pero se non se lles ocorre nada suxíralles posibilidades como: **está debuxando un corazón nun cristal embazado; pódese tratar dalgún namorado que lle queira dicir “quérote” á persoa querida...** Logo, dispóñase a escoitar as súas opinións en relación coas demais preguntas.

Por último, coméntelles aos estudantes os contidos da unidade, así como cal será a tarefa final: transmitir mensaxes e desenvolver estratexias de comunicación.



1. UNHA CARTA, UNHA NOTA...

Relacionar unha serie de situacións e escoller a canle máis axeitada para a transmisión dunha mensaxe en cada caso.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Aínda que na epígrafe A non figuren **mandar** e **deixar unha nota**, recomendámoslle que os mencione como alternativas a **enviar** e **escribir unha nota**, respectivamente. Do mesmo xeito, suxerímoslle que acepte no mesmo ítem as diferentes posibilidades de resposta, sempre que estean ben razoadas ou que se correspondan coa realidade persoal do estudante.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos estudantes que, en parellas, elaboren unha listaxe co maior número posible de diferenzas que poidan atopar entre unha carta convencional (en papel) e unha mensaxe electrónica. Pasados uns minutos, faga unha posta en común.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles aos seus alumnos as fotos dos distintos medios para enviar unha mensaxe escrita e asegúrese de que comprenden as expresións que aparecen ao lado de cada unha.

A seguir, pídalles que lean as cinco situacións e que digan que canle de comunicación adoitan empregar en cada caso. Logo, anímeos a comentalo cos seus compañeiros.

B. Indíquelles agora que lean os distintos textos individualmente e que escriban a que canle das anteriores se corresponde cada un.

Solución

1. *Tarxeta*, 2. *Mensaxe electrónica*, 3. *Nota*, 4. *Carta*, 5. *Mensaxe de móbil*

C. Para rematar, pídalles que comenten entre todos que tipo de texto escriben máis a miúdo. Se lle parece oportuno, aproveite a mostra de lingua para que os seus alumnos digan tamén se o seu xeito de comunicarse cos demais foi cambiando ao longo do tempo ou non. Controle a actividade para que todos falen ao respecto e déaa por finalizada cando vexa que se van esgotando os argumentos, así como o interese dos participantes.

E DESPOIS

Propóñalles aos seus alumnos a seguinte actividade para que se familiaricen coa terminoloxía empregada á hora de referirse ás distintas partes dunha carta. Para iso, escriba no encerado as seguintes palabras:

destinatario, sinatura, encabezamento, despedida e corpo da mensaxe. A continuación, pídalles que se fixen no texto da carta (4) que figura no ítem B e que traten de identificar nel cada un dos elementos escritos no encerado.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 120, exercicio 1.

2. AO TELÉFONO

Completar as transcricións dunha serie de conversas telefónicas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ilustra unha variedade de enunciados recorrentes nas conversacións telefónicas.

Recomendámoslle que chame a atención dos estudantes sobre o emprego do artigo definido antes das formas de tratamento **Sr.** e **Sra.**, cando se fala dunha terceira persoa, así como sobre a ausencia do artigo cando nos diriximos directamente ao señor ou á señora en cuestión.

ANTES DE COMEZAR

Inicie a actividade dicíndolle á clase: **O teléfono e o correo electrónico son dúas formas de comunicación moi inmediatas, pero... en que ocasións preferides empregar un ou outro? En que se diferencian?** Espere a que cheguen a reflexións do tipo: **as respostas por teléfono son instantáneas, mentres que por correo electrónico poden tardar máis; o teléfono é máis persoal...**

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que se fixen na transcripción das cinco conversas telefónicas e que completen a última liña de cada unha delas cunha das frases soltas que aparecen máis abaixo.

B. Unha vez que terminen, pídalles que escoiten a gravación, para comprobar se as súas respostas son correctas.

Solución (suxestión)

A. *Nada, chamábate para saber que fas o domingo. É que...*
B. *Un momento, agora se pon.*
C. *De acordo, moitas grazas.*
D. *Si, dígalle que chamou Adela Vázquez, por favor.*
E. *Ah, pois perdoo.*

C. A continuación, propóñalles aos seus alumnos que intenten determinar que relación hai entre as persoas que acaban de escoitar. Anímeos a comentaren se cren que se coñecen ou non, o tipo de situación que se dá en cada caso etc.

Para rematar, recomendámoslle que remita os estudantes á epígrafe “Ao teléfono” da sección de

gramática, na páxina 53, e que repase con eles o contido que se propón. Chame a súa atención sobre o feito de que algúns dos usos son máis formais ca outros e que, polo tanto, corresponden a situacións diferentes.

E DESPOIS

Fotocopie o cadro da **ficha 21** e repártao na clase. Logo, pídalles que clasifiquen e ordenen as intervencións para crear dúas conversas telefónicas.

Solución

Conversa A

- *Dígame?*
- *Está a Sra. Fidalgo?*
- *De parte de quen, por favor?*
- *Do Sr. Ferreiro.*
- *Un momento, por favor.*
- *Grazas.*
- *Pois neste momento non está. Quere deixarlle algún recado?*
- *Si, por favor. Dígalle que a chamei.*
- *De acordo.*

Conversa B

- *Si?*
- *Ola, está Vanesa?*
- *Creo que si. Un momento.*
- *Ola.*
- *Vane?*
- *Si, son eu.*
- *Como estás? Son Anxo.*
- *Ah, ola. Que tal?*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 101, exercicio 1.



3. FOI INVENTADO POR...

Ler unha serie de afirmacións sobre distintos medios de comunicación e manifestarse sobre a súa veracidade. Observar a estrutura da voz pasiva, completar un cadro resumíndoa e construír frases empregándoa.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que, individualmente, lean as frases **1 a 5**, nas que se fala de distintos instrumentos de comunicación. Deseguida, suxíralles que se xunten en parellas ou grupos de tres e que mostren o seu parecer sobre a veracidade de cada afirmación.

Déixelles un tempo para facelo e deseguida propóñalles que compartan a súa reflexión nunha posta en común. Teña en conta que, na maioría dos casos, se trata de cuestións para as que non hai unha única resposta e

o máis importante neste ítem é que expresen a súa opinión.

B. Indíquelles agora que se fixen nas formas destacadas en grosa en cada frase e pregúntelles que teñen en común. Probablemente algún estudante lle contestará que consisten nunha forma do verbo **ser** + o **participio** doutro verbo. De non ser así, dígallo vostede e explíquelles que esta estrutura corresponde á voz pasiva.

A continuación, chame a atención dos seus alumnos sobre a concordancia do suxeito pasivo co participio. Pídalles que volvan fixarse nas frases e que, logo de debuxar un cadro coma o deste ítem no seu caderno, o completen cos suxeitos das demais oracións e coa forma de participio coa que combinan. Ao remataren, faga unha corrección entre todos.

Solución

Suxeito	Participio
<i>o correo electrónico</i> <i>o teléfono</i> <i>as cartas convencionais</i> <i>Internet</i> <i>os ordenadores</i>	<i>desenvolvido</i> <i>inventado, considerado</i> <i>suplantadas</i> <i>conectada, utilizada</i> <i>empregados</i>

C. Agora, dígalles aos estudantes que a voz pasiva se emprega principalmente cando queremos facer destacar a propia acción ou o seu resultado e non a persoa que a practica. Explíquelles que este tipo de estrutura é moi frecuente na descrición de obxectos ou na narración de feitos, como, por exemplo, na linguaxe xornalística.

A seguir, pídalles que, en parellas, fagan frases do mesmo tipo cos elementos que se relacionan. Se lle parece oportuno, remítaos á epígrafe “A voz pasiva” da sección de gramática, na páxina 53. Déixelles o tempo necesario e, cando rematen, anímeos a que compartan as súas frases cos compañeiros nunha posta en común.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 103, exercicio 7.

4. COMO DIS?

Escoitar unha gravación e decidir se as persoas que falan non saben dicir algo ou non o comprenden.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade preséntase unha serie de conversas nas que hai algún problema de comunicación, que logo se resolve pondo en práctica algunhas estratexias. O obxectivo é, polo tanto, presentarlles as ditas estratexias aos seus alumnos e fomentar o seu emprego.

ANTES DE COMEZAR

Pense nun obxecto que lles poida pedir emprestado aos estudantes e fágao sen referirse a el polo seu nome, como, por exemplo: **Alguén ten un...? Como se chama? Para escribir, pero non un bolígrafo, que se pode borrar...** Cando alguén diga **lapis** e llo empreste, continúe: **Grazas... é que non podía acordarme do nome. Que foi o que fixen?** Espere a que lle contesten: **describir o obxecto, comparalo...**

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus alumnos que van escoitar nove persoas que teñen algún problema na comunicación e que, por iso, recorren a algunha estratexia para resolvelo. Nalgúns casos, non saben como dicir algunha palabra; noutros, non entenderon algo ou non están seguros de se o entenderon ou non. Pídalles que escoiten e que marquen cunha cruz nunha das columnas do cadro, segundo se trate dun ou doutro caso.

Solución

Non sabe como dicir algo: 1, 5, 8 e 9.

Non entendeu ben ou non está seguro de se o entendeu ou non: 2, 3, 4, 6 e 7.

Faga referencia á epígrafe “Estratexias de comunicación” da sección de gramática, na páxina 53, e repase cos seus alumnos os diferentes recursos que se mencionan.

B. A continuación, pregúntelles: **Que facedes ou como reaccionades cando non sabedes como dicir unha palabra en galego?** Se teñen dificultades para nomear ou explicar as estratexias que utilizan, axúdelles colocando no encerado unha listaxe na que figure, por exemplo: **dicila noutro idioma que coñece; describir o obxecto ao que se refire (como é, para que serve...); procura no dicionario; poñer exemplos; facer un debuxo; facer un xesto...** Interésese polas respostas de todos os estudantes e anídeos a que contrasten as diferentes estratexias.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno, agrupe os seus alumnos en parellas e propóñalles esta actividade práctica. Fotocopie e recorte as tarxetas da **ficha 22**. Logo, déalle as cinco tarxetas **A** a un dos compoñentes da parella e as cinco **B** ao outro. Pídalles que as lean en voz alta sen dicir as palabras subliñadas. No seu lugar, poderán empregar calquera estratexia das vistas anteriormente e o compañeiro “colaborará” adiviñando a palabra que falta.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 103, exercicio 6.

5. RECADOS

Relacionar cinco parágrafos en estilo indirecto cos respectivos textos orixinais. Referir preguntas en estilo indirecto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ofrécelles aos seus alumnos os recursos necesarios para referir as palabras doutros nun contexto no que a información transmitida aínda ten validez: en todos os fragmentos de conversa cos que se traballa se fai referencia a unha festa que aínda non se celebrou, polo que a información segue sendo vixente e mantéñense os tempos verbais dos textos orixinais.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado estas dúas frases: **Esta tarde vou estar na casa./Dixo que esta tarde vai estar na casa.** A continuación, pregúntelles aos estudantes: **Que relación vedes entre as dúas frases?** Como resposta, acepte calquera explicación que faga referencia ao **estilo directo** e ao **estilo indirecto**, aínda que non se empregue esta terminoloxía.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que un rapaz chamado Afonso falou con cinco amigos seus en distintos momentos do día e que, despois, lle contou a Clodio, un outro amigo seu, todo o que falou con cada un deles. Pídalles que relacionen os resumos que Afonso lle conta a Clodio en estilo indirecto, coas respectivas conversas orixinais.

Poden facelo individualmente, pero logo permítalles que comparen os seus resultados cos dun compañeiro antes de que fagan unha posta en común.

Solución

1. B; 2. A; 3. E; 4. C; 5. D

B. A continuación, fágalles imaxinar que Afonso lles fixo unhas preguntas sobre a festa de Luísa e pídalles que escriban como llo contarían a outra persoa. Teña en conta que algún estudante pode propoñer construcións que modifiquen o tempo verbal no estilo indirecto. De ser así, indíquelles que se trata doutra alternativa válida, pero que neste momento a idea é que se pase dun estilo ao outro mantendo o mesmo tempo verbal, o que neste caso é posible.

Solución (suxestión)

Afonso preguntoume se me apetece ir á festa.

Afonso preguntoume quen vai ir á festa.

Afonso preguntoume onde é a festa.

Afonso preguntoume como vou ir á festa.

Afonso preguntoume se Xavi vai ir á festa.

Afonso preguntoume que vou levar á festa.

Cando lles dea as solucións, recomendámoslle que tamén faga referencia á epígrafe “Transmitir mensaxes doutros” da sección de gramática, na páxina 53, para

que repasen os diferentes recursos. Aproveite para explicarlles que non se produce ningún cambio nos tempos verbais porque a información segue vixente no momento en que se transmite.

Ademais, aínda que non sempre figure nos exemplos, pode facer fincapé nas modificacións en pronomes, posesivos, verbos ou referentes espaciais como **aquí/ alí; ir/vir; levar/traer...**

É tamén importante chamar a atención dos seus alumnos sobre o pronome de CI que se emprega coos verbos de transmisión do discurso: **Contoume/lle, díxome/lle, preguntoume/lle...**

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 101, exercicios 2 e 3.

Páxina 102, exercicios 4 e 5.



6. QUE ESCRIBIMOS?

Escribir un texto escollendo un motivo, un destinatario e unha canle.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes: **Imaxínade que unha persoa decide casar e que llo ten que dicir á súa xefa e ao seu irmán. Que canle vos parece máis axeitada en cada caso? Unha carta, unha mensaxe de móbil, unha tarxeta, unha nota ou un correo electrónico?**

Acepte as diferentes respostas, sempre que estean ben argumentadas. O importante é que se estableza que a elección dunha ou doutra canle de comunicación dependerá da relación que teñamos cunha persoa, do efecto que queiramos provocar, da importancia do contido...

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles agora aos seus alumnos que, co libro pechado, escollan un número do **1** ao **5** e outro do **6** ao **10**. Logo, indíquelles que se fixen na actividade 6, na páxina 54 do libro, e coméntelles que terán que escribir un pequeno texto. Explíquelles que o primeiro número que escolleron se corresponde co motivo e o segundo co destinatario da mensaxe. Deberán escoller na terceira columna a canle que lles parece máis axeitada e, finalmente, escribir o seu texto.

B. Propóñalles que intercambien a redacción cun compañeiro e que lle expliquen que tipo de texto é, quen é o seu destinatario e cal é a súa finalidade. Despois de lelo, deberán melloralo entre os dous, fixándose na corrección léxica e gramatical, na súa estrutura e na súa adecuación.

Unha vez que finalicen a actividade, pode recoller os textos e devolvelos corrixidos na clase seguinte.

E DESPOIS

Pídalles aos estudantes que colguen os seus textos polas paredes. A continuación, súxíralles que dean un paseo pola aula e que lean os traballos dos seus compañeiros. Faga que tomen notas, tratando de resumir o seu contido, como por exemplo:

- ***Cora escribiulle unha mensaxe electrónica á súa irmá para felicitala polo seu aniversario...***

7. OLA, SON HELENA

Escoitar tres conversas telefónicas para recoller certas informacións.

ANTES DE COMEZAR

Remita os seus alumnos ao cadro que deberán completar e pídalles que lean o exemplo proporcionado. Logo, pregúntelles: **Se Helena chamou a Emilia para felicitala polo seu aniversario, cales credes que foron as súas palabras?** Escoite as súas respostas e acepte as que sexan posibles, aínda que non coincidan exactamente coas palabras da personaxe. Deseguida, pregúntelles **a que cren que Emilia invita a Helena**. Finalmente, infórmeos de que a continuación van escoitar a conversación para poder comprobalo.

PROCEDEMENTOS

Dígalles aos estudantes que Helena mantivo dúas conversas telefónicas máis. Pídalles que escoiten a gravación e que, ademais de completar a información referida na primeira, anoten o que se lles pide acerca das outras dúas.

Solución

1. *Fala con Emilia. Chámaa para felicitala polo seu aniversario. Emilia dálle as grazas por chamar e invítala a unha cea na súa casa o sábado.*
2. *Fala cunha empregada do estudio de arquitectura Miguel Baltar. Chama para falar co señor Baltar e avisalo de que non poderá ir a unha cita marcada. A rapaza dille que lle pasa ela o recado.*
3. *Fala con seu pai. Chámao para pedirlle as chaves da casa da praia porque quere ir alí cunhas amigas esta fin de semana. El pregúntalle se van de festa e Helena contesta que non, que van en plan tranquilo. El dille que pase pola casa e que llas dá. Ela di que vai comer o venres e que as recolle.*

Antes de realizar unha posta en común, permita que os estudantes comparen cun compañeiro a información que recolleron.

8. CHAMADAS

Representar un papel nunha conversa telefónica.

PROCEDEMENTOS

A. Faga que os estudantes formen grupos de tres e asígnelle a cada membro unha letra: A, B ou C. A continuación, pídalles que lean o contexto das conversas telefónicas que terán que representar e déalles tempo para preparalas.

B. Dígalle agora a cada grupo que, por quendas, saia representar as conversas. Lémbrelles que se trata de interpretar e non só de ler o que escribiron. Cando rematen, anímeos a que escollan o diálogo máis creativo, completo ou divertido.

9. TABÚ

Definir un obxecto sen empregar determinadas palabras.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Recomendámoslle que aproveite esta actividade para motivar os estudantes a traballaren co dicionario.

ANTES DE COMEZAR

Para contextualizar a actividade, suxerímoslle que a exemplifique vostede cunha palabra. Suxeite na man unha tarxeta e coméntelles aos seus alumnos que nela figura unha serie de palabras que vostede non pode usar para describir algo que eles deben adiviñar. Esta pode ser a súa tarxeta, pero non pode deixar que vexan o seu contido:

TELÉFONO

móbil/falar/número

Despois, describa o que é un teléfono sen usar ningunha das palabras da relación, ata que alguén o adiviñe.

PROCEDEMENTOS

A. Divida os estudantes en dous grupos e móstrelles as tarxetas que aparecen no libro. Logo, indíquelles que cada grupo deberá preparar dez tarxetas semellantes, seguindo este modelo.

B. A continuación, explíquelles que, por quendas, un equipo (A) deberá entregarlle unha das súas tarxetas a un membro do outro (B). Este terá que definir a palabra sen empregar ningunha das que aparecen na tarxeta que acaba de recibir. Se os seus compañeiros adiviñaren de que se trata, o equipo consegue un punto. Recórdelles, ademais, que non se poden usar xestos, nin palabras doutros idiomas, nin sons, pero que se permite consultar o dicionario. Estipule un tempo máximo para cada quenda e, ao final, gaña o equipo que teña máis puntos.

E DESPOIS

Propóñalles aos seus alumnos que invertan a mecánica do tabú: facer definicións empregando todas as palabras da tarxeta nunha soa frase. Divida o encerado en dous e faga que se sitúe un membro de cada equipo de cada lado. A continuación, lea as tres palabras en voz alta e cada concursante deberá escribir unha definición empregándoas. O que primeiro termine, gaña un punto.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 103, exercicio 8.

10. FOI VISTA POR ÚLTIMA VEZ...

Converter frases soltas nun texto, empregando a voz pasiva.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os seus alumnos terán que transformar algúns complementos verbais en suxeitos pasivos. Recomendámoslle que non faga unha explicación moi exhaustiva sobre a voz pasiva neste momento, senón que lles dea soamente a información necesaria para resolveren a tarefa.

PROCEDEMENTOS

Coméntelles aos estudantes que un xornalista recolleu unhas notas sobre un acontecemento, pero que deixou o texto final sen redactar. Dígalles que deberán escribirlo e indíquelles que a parte resaltada en grosa deberá ser o suxeito da respectiva frase. Convide un voluntario a ler a mostra de lingua en voz alta e pídalles que continúen, individualmente, a redacción do texto.

Pódelles suxerir que engadan os detalles que queiran, pero recórdelles que todos disporán do mesmo tempo para a realización da actividade. Axúdeos cando llo soliciten, pero, se lle parece necesario, remítaos tamén á epígrafe “A voz pasiva” da sección de gramática, na páxina 53, para que aclaren eles mesmos algunhas das súas dúbidas.

Cando rematen, indíquelles que comparen o seu texto co dun compañeiro. Logo, promova unha posta en común, na que un estudante lea en voz alta o seu texto e os demais poderán comentar que diferenzas e semellanzas atopan coas súas producións.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 103, exercicio 7.

11. TEÑO UNHA MENSAXE PARA TI

Escribirles mensaxes aos compañeiros.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se ten vostede un número impar de alumnos, participe na actividade como un máis para que todos poidan enviar e recibir unha mensaxe.

En “Procedementos” suxerímoslle unha maneira sinxela de realizar a actividade, pero se, en vez de colocar os estudantes en círculo, prefire numeralos ou empregar outro sistema, fágao.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que formen un círculo e que escriban unha nota para o compañeiro que teñen á dereita. Indíquelles que o contido da mensaxe pode ser moi variado: poden informar, convidar, agradecer, pedir, preguntar... Remítaos á nota proporcionada para que vexan un exemplo.

Unha vez que teñan as notas escritas, pídalles que non lla entreguen ao seu destinatario, senón ao compañeiro que teñen á esquerda (ou recóllaa e volva distribuílaas vostede, tal como se indica no enunciado).

B. Por quendas, cada estudante transmitíralle a mensaxe da nota que recibiu á persoa a quen vai dirixida.

E DESPOIS

Se ve que os seus alumnos non están cansos da actividade, pode propoñerlles unha segunda rolda de mensaxes para que lles envíen unha contestación aos primeiros remitentes.



12. QEROT

Ler e comentar un texto sobre os SMS. Transcribir algunhas mensaxes de SMS e redactar outra.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O concurso de mensaxes de móbil do Concello do Porriño celébrase cada ano e ten como obxectivo ampliar a promoción da lingua galega a través das novas tecnoloxías. Nel poden participar as persoas interesadas de calquera idade, aínda que se o gañador é un menor recibirá, no canto dos cartos, un agasallo valorado na cantidade establecida.

Os temas son libres e as mensaxes participantes serán avaliadas en canto a orixinalidade e calidade de expresión. Ademais, deberán estar escritas en galego, sen acentos gráficos e contar cunha extensión máxima de 150 caracteres.

ANTES DE COMEZAR

Remita os estudantes ao título da actividade e pregúntelles que cren que significa. Se son nativos, é bastante probable que non teñan dificultades en detectar que se trata da forma quérote reducida. Se, pola contra, son doutros lugares, pode que lles resulte menos doado adiviñalo. En calquera dos casos, se non o saben, explíquelles vostede, escribindo no encerado a forma estendida.

A continuación, pregúntelles onde cren que poden aparecer as palabras reducidas dese xeito. Se entre as súas respostas non figuran os SMS, dígallelo, centrando a súa atención no título do texto. Despois, pregúntelles se saben o significado desta sigla e se non son quen de responder que se refire ao **servizo de mensaxes curtas**, partindo das palabras orixinais en inglés (*Short Message Service*), acláreo tamén vostede.

PROCEDEMENTOS

A. Indíquelles aos seus alumnos que lean o texto individualmente. Cando rematen a lectura, pregúntelles se adoitan enviar mensaxes a móbiles e se utilizan algunha das abreviaturas ou dos códigos mencionados. Así mesmo, anímeos a que mencionen outras estratexias de redución das palabras que coñezan e que non figuran no texto.

Se traballa cun alumnado estranxeiro, pregúntelle se na súa lingua hai códigos semellantes para os SMS e interésese por coñecelos.

B. Pregúntelles aos estudantes se saben algo sobre o concurso de mensaxe de móbil, promovido anualmente polo Concello do Porriño. Escoite as súas respostas e, se o considera necesario, amplíe a información cos datos que figuran en “Observacións previas”. A seguir, coméntelles que van ler individualmente cinco textos que participaron nese concurso e que logo deberán escribir, cun compañeiro, o texto completo —é dicir, sen ningunha palabra reducida— de cada unha delas.

Concédalles o tempo necesario para facelo e, ao final, organice unha posta en común na que unha parella le un dos textos completo e comenta as modificacións que fixo na súa estrutura e no seu léxico. Os demais dirán se están ou non de acordo ou se o fixeron doutro xeito.

Durante a corrección, trate de escribir no encerado as formas que considere necesarias ou cuxa grafía poida resultar dubidosa. Asemade, lémbrese de chamar a atención dos seus alumnos sobre a falta de acentuación ou de espazo entre as palabras, así como sobre a puntuación inadecuada nalgúns mensaxes, e asegúrese de que se corrixa debidamente todos os textos.

C. Agora, indíquelles aos seus alumnos que deberán escribir unha mensaxe de móbil empregando os recursos que acaban de aprender. Se os estudantes son moitos, recomendámoslle que o fagan en parellas ou en grupos de tres.

Para homoxeneizar un pouco a produción, vostede pode guiar máis a actividade, establecendo algúns criterios, como a extensión (30 palabras, por exemplo); o tempo para a realización da tarefa (5 minutos, aproximadamente); o tema, motivo ou destinatario (desculparse por non ir a unha cita, propoñerlle a un amigo unha actividade, avisar os pais ou a parella de que chega máis tarde...) etc.

Logo de explicarlles como deben desenvolver a tarefa, ánimoos a que formen un gran círculo e déalle a cada estudante ou parella medio folio para que escriba a súa mensaxe. Cando remataren, indíquelles que fagan circular os folios, de xeito que todos os estudantes lean todas as mensaxes, ata que reciban todos o seu propio texto.

Ao final, poderán escoller a mensaxe máis creativa, orixinal ou enxeñosa.

E DESPOIS

Se aos seus alumnos lles gustou o tema traballado nesta sección, aproveite para promover un breve debate sobre o desenvolvemento dese tipo de redacción e as faltas de ortografía. Anímoos a que participen dando a súa opinión.